



RIBEIRAS DE NARÓN E NEDA



Asiduo camiñante, porque me gusta, porque camiñar é saudable e mantén as articulacións desenferruxadas e o corpo axil, hoxe tamén seguindo os consellos dos facultativos médicos, pateo e coñezo case que todos os camiños de Ferrolterra.

Encantadoras as nosas vilas, aldeas e rueiros de xente noble e acolledora. -¿Quere un vaso de auga? Graciñas miña señora, non sabe vostede canto llo agradezo neste momento.

Camiños, algúns pouco accesibles, esquecidos, solitarios e gozando da paisaxe a un tempo. Nesta época do ano perfumados por flores e froitos cos que nos obsequian árbores e plantas ensanchando os pulmóns ao poder respirar aire algo máis puro que o das cidades e a posibilidade de gorentar unha froita e aliviar a segura da gorxa. Ollo, que a froita ten dono, a non ser as que pingan ao camiño que puideran ser tamén do camiñante.

"Árbore que dá ao camiño, a metade é dos veciños".

Sen me fatigar, ando camiños pedreiros, corredoiras, rueiros e carreiros de cabras. Camiño ribeiras de augas doces e salgadas. Intentando non facer dano, tripo malezas, vadeo regos e gozo de entornos naturais fermosísimos, é tamén sufro noutros agredidos pola avaricia e o deixamento do home. Agredir á Natureza é agredirnos a nosoutros mesmos.

As ribeiras de Narón e Neda, dende a ponte do ferrocarril até o muíño mareal das Aceas e a desembocadura dos ríos Xubia e Bellelle, practicamente son un pobre lameiro, unha zona moribunda onde tan só unha pequena parte dos organismos máis fortes e resistentes seguen vivos (daquel xeito), posiblemente por teren adquirido, co tempo, a suficiente inmunidade.

Vertidos sen depurar, extracción de area, descontrol no marisqueo, mareas que non poden facer a súa función depuradora debido ao obstáculo que o terraplén da vía do tren acarrea dende hai un século, e o pouco ou ningún interese que demostraron e demostran as autoridades políticas, económicas e sociais fan que a nosa ría - toda a ría - que puidera ser un importante atractivo turístico e deportivo e arrastrar boa axuda á merma da economía da comarca está nunhas condicións deplorables.

É imposible camiñar á súa beira cando a marea baixa, dado que fede a pobre de xeito que abate ao máis arrefriado, se non trae máscara facial.

¿Onde vai aquela ría? Aquela pola que, non hai tantos anos, se podía atravesar a pé cando a baixamar, dende Neda ao Salto e viceversa, cando os cregos dacabalo da súa egua ían misar os dunha beira á outra e os veciños atallaban para chegar antes.

Aquela ría que tiña a auga tan pura que se podía comer o marisco en cru. Aquela ría con bos accesos á ribeira sen necesidade de termos que salvar atrancos de valados, silveiras e terrapléns. Aquela ría onde o baño era purificador e os mariscos e peixes abundaban onde quixera foramos.

¡É o progreso, din! Pero eu creo, que o progreso debiera ser sinónimo de avance, de adianto, de mellora. Avanzar ou camiñar cara atrás é recuar e iso non é proceder de seres intelixentes. Desexo e considero ferventemente que se queremos e imos xuntos navegando na mesma barca os de Neda e os de Narón, que como di a cantiga "bos veciños son", se esiximos á Deputación Provincial e aos gobernos da Xunta de Galicia e Central unha solución para que a ría, pronto, estea limpa coma unha patena, para recreo da veciñanza, conquistar unha mellor calidade de vida e para xenerar riqueza, desenvolvemento e sentirnos fachedosos. Se queremos seremos capaces.

Narón e Neda con máis de 12.000 metros de costa - refírome á ría - non teñen necesidade de abrir portas nin xanelas ao mar, de derrubar murallas tal como sucede noutras vilas e cidades, pero si, abrir varios alixeramentos no terraplén da vía férrea para que as mareas fagan a súa función rexeneradora (os técnicos saben que é posible), sanear, acondicionar e crear pequenos portos ou embarcaderos para achegar ao mar deportes náuticos, como poden ser, natación, remo, vela, pesca e motonáutica, entre outros.

A zona, tanto de mar como de costa, que comprende dende o terraplén da vía do tren até a ponte do río Xubia, na estrada, antes N-VI, hoxe AC.115, podía ser un espazo marítimo importantísimo para atraer un turismo sostido (non só en verán), á parte que axudaría aos milleiros de habitantes locais a gozar dun capital que temos aí, á nosa beira e que non sabemos investir para traer riqueza, pero que segue agardando que alguén con poder político, intelixencia e un par de bemoles o lance, o proxecto e o leve adiante, non só coa idea e a opinión como eu fago, que iso é doado e cae de caixón, senón facelo realidade.

Claro que, sen dúbida algunha, tería que ser xente que ame o mar, a ría e a súa contorna, que ame tamén, por suposto, a nosa terra, defensores da ecoloxía e o medio ambiente natural, ambiciosos, e logo saber convencer aos organismos competentes, que dubido, ante un proxecto intelixente, factible, rendible social e economicamente fosen capaces de menosprezar.

Amigos e amigas, non estou falando de reencher a ría para facer un aeroporto, nin un polígono industrial, nin dunha utopía fulera. Falo dunha necesidade doada de ver e dun proxecto viable.

Se non esperamos pronto do letargo dos últimos 50 anos, para dentro de pouco puidera ser tarde.

¿De que nos vale termos a ría máis fermosa de Europa se non podemos sacarlle rendemento nin gozar do seu encanto?

¡Incrible pero certo, e o que se ve non se esconde!

Xoán A. García López



ABRIMOS LOS SÁBADOS POR LA TARDE

Muebles



todos los muebles a precios únicos

399€



Kesia

Ctra. de Cedeira, Km. 1'5. As Lagoas - Narón (A Coruña)
Telf./Fax: 981 38 70 36

